



**COLEXIO  
PROFESIONAL  
DE XORNALISTAS  
DE GALICIA**

## **INFORME SOBRE O TRATAMENTO DO ACCIDENTE DO RALLY DA CORUÑA EN CARRAL**

O 11 de setembro de 2015, recibíuse no Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, por correo electrónico, un escrito remitido pola Asemblea Cidadá de Carral no que denunciaba o tratamento informativo que a prensa, sobretudo a escrita, realizou do accidente do rally em Carral o 5 de setembro.

Nas súas palabras, expresaban o seu 'rexeitamento ao tratamento amoral que se fai das noticias máis trágicas nalgúns medios deste país' e 'pola escasa sensibilidade amosada pola maior parte dos medios' ante o accidente.

No escrito, se enumeraban as cuestións máis ferintes que atoparon nas informacións:

- A utilización de fotos explícitas das vítimas do accidente.
- A redacción de titulares e outros textos que dan lugar a interpretacións maliciosas creando desconcerto e malestar nos lectores e na poboación da vila.
- A falta de respecto aos familiares nos momentos máis íntimos e dolorosos.
- A publicación dos nomes dos pilotos e o uso de datos persoais que dan lugar a especulacións erróneas.
- O uso de imaxes tiradas de redes sociais que aínda que son públicas non foron concibidas para iso.
- A búsqueda de morbo e dos detalles máis escabrosos.
- O uso de imaxes e vídeos dos asistentes.

Ante esta denuncia, o Colexio de Xornalistas iniciou a súas pesquisas para realizar un seguemento informativo da nova e ver en que medida sobrepasaba a ética da profesión.

A análise realizada nas seguintes semanas, realizouse sobre as edicións dixitais de *La Voz de Galicia*, *La Opinión A Coruña*, *El Ideal Gallego*, *El Correo Gallego* e *El Progreso* dos días 6 e 7 de setembro, así como as informacións da Televisión de Galicia do mesmo día.

Para detectar as prácticas sensacionalistas e perigosas seguiuuse o *Decálogo de recomendacións para medios e xornalistas de sucesos de catástrofe*, aínda que sen contemplalo na súa totalidade polas diferenzas deste caso con outros de catástrofe.

Principais problemas detectados no tratamento da información foron os seguintes:

- Practicamente todos os medios consultados publicaron un vídeo do accidente, sen editar, gravado cun móbil por unha testemuña e publicado en Twitter, así como imaxes sacadas das redes.
- Publícanse datos irrelevantes e que afectan directamente á intimidade das vítimas: "El joven es conocido en Cambre por ser el nieto del enterrador, oficio que, según fuentes del Ayuntamiento, había comenzado a desempeñar el también. Vivía con su mujer en el centro de la capital municipal". Especialmente preocupante é cando estes datos afectan a vítimas menores: "Uno de ellos [dos nenos ingresados en estado grave] natural de Carral y jugador en la categoría infantil del Abegondo".
- Especialmente repetida e preocupante é a identificación do piloto e do copiloto, que se da desde o primeiro momento, con nome completo, datos persoais e fotografía. No caso da televisión, mesmo se emiten imaxes dunha saída da vía que sufriu noutro *rally*, como querendo insinuar unha culpabilidade.
- Nuns poucos casos, realízanse perigosas especulacións sobre as causas do accidente, tomando fontes testemuñais como se fosen expertas: "Testigos presenciais comentan que en esa zona "los pilotos realizan un descenso muy rápido, con los que los frenos llegan al final casi agotados"".
- Tamén é raro, pero especialmente perigoso, o uso dunha linguaxe morbosa e especularizadora. Aínda que son puntuais, acadan niveis especialmente preocupantes: "Ahí, en pleno monte, en una corredera por la que solo pasa un coche, a dos kilómetros escasos del centro de Carral, hubo gente que vio morir a familiares y amigos, que se abrazaban a cuerpos sin vida y que tapaban heridas con sus manos".
- As imaxes das vítimas durante o accidente son puntuais. Contodo, si se publican nalgún caso imaxes dos familiares e achegados nos hospitais e durante os actos de homenaxe que poden atentar contra o seu dereito á intimidade.

Tendo isto en conta, temos que lembrar que o *Decálogo de recomendacións para medios e xornalistas de sucesos de catástrofe* establece que:

1. *O dereito á intimidade e á propia imaxe no caso dos protagonistas de sucesos que revisten características de catástrofe.*
2. *Respeitar a dor e o sufrimento das vítimas.*
3. *As conxeturas e hipóteses sobre a traxedia deben ser evitadas.*
4. *Hase facilitar a información de forma responsábel, sen contribuír a crear situacións de psicose.*
5. *A distinción entre reconstrucións, recreación ficticias, hipóteses e feitos debe estar sempre marcada perfectamente.*
6. *A información fornecida polas persoas afectadas ten que ser valorada e contrastada, como no resto de informacións.*
7. *É especialmente importante coidar a linguaxe e evitar recursos espectacularizadores.*
8. *No caso de ser necesario, todo tipo de imaxes, sons e declaracións deben ser editados.*
9. *Non é admisíbel a distinción entre as vítimas.*
10. *No caso de traxedias provocadas pola acción humana, consciente ou non, é necesario expresar con exactitude quen son os implicados.*

Asemade, o **Código Deontolóxico do Xornalismo Galego**, lembra no seu punto 9, a necesidade de respectar o dereito á das persoas:

*9. Respectar o dereito das persoas á súa propia intimidade e imaxe, especialmente en casos ou acontecementos que xeren situacións de aflicción ou dor, evitando a intromisión gratuíta e as especulacións innecesarias sobre os seus sentimentos e circunstancias, especialmente cando as persoas afectadas o expliciten.*

Todo isto, fainos concluír que, aínda que non existen elementos realmente graves que nos leven a afirmar que existe vulneración no dereito á intimidade das persoas ou vulneración do Código Deontolóxico, detectamos que en xeral o tratamento informativo puido realizarse de forma máis coidadosa evitando certas imaxes e comentarios que poideron ferir a sensibilidade dos afectados e da súas familias.

Por iso, lembrese unha vez máis que é necesario, á hora de elaborar unha nova destas características, ter en conta, non só o 'Código Deontolóxico do Xornalismo Galego', senon tamén o 'Decálogo de recomendacións para o tratamento de sucesos de catástrofes'.